

# AXENDA NON QUEDES NO SOFÁ



## 'Barbara'

► O cineclub Pontevedra inicia hoxe un ciclo de cine alemán en colaboración co instituto Goethe. Estará adicado a Christian Petzold. Inaugura as proxeccións a película 'Barbara' (Oso de Prata ao mellor director na Berlinale). Entrada libre. **Pontevedra. 19.00.** Biblioteca Pública.

## ACTIVIDADES




### Cogomelos

► Cada martes, ata o día 22 de decembro, Brincabois asesora sobre cogomelos e axuda a identificarlos. **Pontevedra. De 20.00 a 21.00.** Centro Social do Gorgullón.

### Festival das Cóxegas

► Están á venda as entradas para os espectáculos do Festival das Cóxegas, que se celebrará en novembro no Pazo da Cultura. **Pontevedra. www.ataquilla.com.**



### 'Brumario poético'

► Clausúrase hoxe o ciclo de actividades 'Brumario poético' cun recital poético-musical adicado a África. Entrada libre. **Pontevedra. 20.15.** Teatro Principal.

### Ponteatro

► Están á venda as entradas para os espectáculos de Ponteatro, que se poderán ver no Principal ata decembro (8 euros). **Pontevedra. www.ataquilla.com.**

### Premio do Culturalgal

► Ata o 21 de novembro pódese votar en internet o Premio do Público do Culturalgal. **Pontevedra. www.culturalgal.com.**

## EXPOSICIÓNS



### 'Senso sublime'

► O Sexto Edificio acolle a exposición 'Senso sublime', de Sergio Portela, ata o 15 de novembro. Inclúe foto, escultura e pintura. **Pontevedra. Museo Provincial.**

### 'Pretty as a picture'

► Ata o 15 de novembro pódese visitar a mostra de fotografía 'Pretty as a picture', de Santi Vega, dentro do Outono Fotográfico. **Pontevedra. Pazo da Cultura.**

### Jacobo Castellano

► 'Vértigos, equilibrios y desequilibrios' é o título da exposición que Jacobo Castellano ten ata o 4 de decembro na cidade. **Pontevedra. Fundación RAC.**



### Sala X

► Ir donde se supone que no tienes que ir reúne obras de H. Del Amo, Rosendo Cid, Manuel Eirís e Misha Bies Golas ata o 6 de novembro. **Pontevedra. Belas Artes.**

### 'Fábrica de sueños'

► Manuel García 'Elohim' expón o seu traballo na mostra 'Fábrica de sueños'. **Pontevedra. Delegación da Xunta (Campolongo).**